1

Cadernos de Comunicación e Xénero

CO(M) XÉNERO



Margarita Ledo Andión
Ana Jorge Alonso
Marta Pérez Pereiro
Ana Catarina Pereira
Elena Oroz
Carla Cerqueira
Dhaunae De Vir

—
Margarita Ledo Andión
Marta Pérez Pereiro
Silvia Roca Baamonde
—
Coords.

Vía láctea editorial

1

Esta obra é froito do traballo realizado nas primeiras edicións do «CO(M)XÉNERO. Seminario Permanente de Comunicación e Xénero» organizado polo Grupo de Estudos Audiovisuais da Universidade de Santiago de Compostela, co financiamento da Xunta de Galicia a través das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).


















O CO(M)XÉNERO foi distinguido como experiencia innovadora na docencia nos X Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero outorgados pola Oficina de Igualdade da USC. Ao longo das súas edicións teceu colaboracións con diversos programas, agrupacións e iniciativas como o Territorio das Mulleres, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, a Asociación Xornalistas Galegas e a Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE).

O Grupo de Estudos Audiovisuais é un grupo de investigación adscrito ao Departamento de Ciencias da Comunicación da USC recoñecido dende 2017 pola Xunta de Galicia como Grupo de Investigación de Referencia Competitiva no Sistema Universitario Galego.

Coordinadoras do volume: Margarita Ledo Andión, Marta Pérez Pereiro e Silvia Roca Baamonde

© Dos textos: as autoras, 2020

© Da edición:

GRUPO DE ESTUDOS AUDIOVISUAIS (G.I.1786-USC)
Avenida de Castelao, s/n. 15782 Santiago de Compostela
www.estudosaudiovisuais.gal

VÍA LÁCTEA, S.L.
Avenida Las Mariñas, 337. 15172 Perillo-Oleiros, A Coruña

Deseño da cuberta: Laboratorio Numax
Maquetación: Juan de la Fuente
Impresión: Lugami Artes Gráficas, S.L.
Edición técnica: Claudia Neira e Silvia Roca Baamonde
ISBN: 978-84-89444-94-2
Depósito Legal: C 1281-2020

O papel empregado neste exemplar é reciclábel, libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sostíbel dende o punto de vista do medio ambiente.

Margarita Ledo Andión

Doutora en Ciencias da Comunicación pola Universitat Autònoma de Barcelona e profesora catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. É coordinadora do Grupo de Investigación Estudos Audiovisuais (Grupo de Referencia Competitiva da Xunta de Galicia), e directora, con Marta Pérez Pereiro, do CO(M)XÉNERO. Seminario Permanente de Comunicación e Xénero da USC.

Dentro do GEA dirixiu o proxecto de I+D+I «EU-VOS. Patrimonio Cultural Inmaterial: para un programa europeo de subtitulado en linguas non-hexemónicas», que é continuación do que finalizou en 2015, «Cara ao espazo dixital europeo. O papel das pequenas cinematografías en versión orixinal». As súas liñas de pescuda traballan a produción e o acceso a bens culturais dende a diversidade e as políticas de comunicación, e as teorías feministas nos universos da creación e da expresión, do que é exemplo o seu último ensaio *El cuerpo y la cámara* (2020), Cátedra, Madrid. O seu libro *Cine de fotógrafos* (2005), GG, Barcelona, foi Premio «Fundació Espais d'Art Contemporani». Cineasta e escritora, entre os seus filmes figuran *Santa Liberdade* (2004); *Liste, pronunciado Líster* (2007), *A cicatriz branca* (2012) e *Nación* (2020). É Premio Nacional da Cultura Galega 2008 en Cine e Audiovisual, Premio Otero Pedrayo 2017 e membro numeraria da Real Academia Galega.

Proemio

Margarita Ledo Andión
Universidade de Santiago de Compostela

Presentamos o primeiro caderno CO(M)XÉNERO, resultado das tres primeiras sesións do Seminario permanente de Comunicación e Xénero, para ampliar o debate sobre os temas e motivos que nos levaran á realización dos distintos encontros nun calendario marcado por dúas efemérides de signo diferente, celebratorio e vindicativo o Seminario que decorre en marzo, de confrontación o que nos convoca en novembro. E sempre, sempre, a toma de posición como útil de liberación. En razón da alarma que trouxo canda si a Covid-19 non puidemos, neste 2020, xuntármonos ao comezo da primavera. Decidimos, xa que logo, unir en outono ambas as sesións para alén de incorporar nas mesmas un obradoiro de Monica Mura e unha *performance* desta artista multimedia, que dende o feminismo e a interculturalidade, pon o seu bico vermello xusto nese lugar no que cómpre pensar: na distancia social. A nosa ledicia é aínda meirande pois Monica, que dende Sardeña chegou á Facultade de Ciencias da Comunicación da USC coma estudante Erasmus e ficou por acó, foi unha participante fidelísima nos seminarios. E quero repetir un fragmento de «Corpo en tránsito», un texto que escribín para ela no libro-catálogo da exposición que fixo na Igrexa da Compañía do 4 ao 31 de outubro de 2018, *E ti que (de quen) vés sendo? Identidades, Memorias e Xéneros*:

> Monica Mura terma da memoria de si que se desprende das pequenas fotos de familia, das chocas dos animais ceibos, dun imaxinario de señardade e fabulación que ela transforma en artefacto, nun couso que é tamén o rastro da súa acción ao mudar as escalas e a disposición do obxecto orixinario, como o é o pespunte dourado no lenzo e o barullo de axóuxeres en movemento cando atravesas o ignoto dun espazo cuxo linde é a notación de intercambio do rostro da autora cos seus.

Porque tamén este novo CO(M)XÉNERO lúe na identidade e na memoria. E son moitos os sinais que nos convocan a impedir o borrado. Penso, por exemplo, nun TFG (traballo de fin de grao) que co nome, lene e atraínte, de *Revista Cativa* defenderon as alumnas Uxía Pérez, Sara García e Tania Forja para pescudar e propoñer un modelo de publicación feminista que peneira na intimidade do movemento, trae á tona os porqués de meterse en política, fai que as cousas acontezan sen pedir permiso. Accións coma estas son desenvolvidas polo Grupo de Estudos Audiovisuais en colaboración tamén coa Mostra Internacional de Cinema Etnográfico, MICE, que organiza o Museo do Pobo Galego; coa agrupación Xornalistas Galegas ou vencellándonos ás campañas de «Territorio das Mulleres» contra a violencia, que lle valeron ao Seminario un agasallo do que sodes partícipes: o segundo Premio á Introdución da Perspectiva de Xénero na docencia que a Oficina de Igualdade da USC outorgou en 2019 ao CO(M)XÉNERO, e o seu investimento na edición deste caderno, cunha escolma de contido das tres primeiras edicións da man amiga de Vía Láctea, o selo editorial que nos acolle e nos divulga.

Situámonos no pensamento crítico, na súa aplicación aos lugares que habitamos, ás propostas que construímos, ás obras onde nos representamos, a un ben público como o da información ou a calquera outro artefacto de comunicación para ollarmos cara a cara cada situación, mesmo as que nos vulneran ou nos negan. No ronsel de Judith Butler, sobre ou subexpostas cómprenos actuar. E un modo de actuar pasa pola fala, polo acceso ao coñecemento de realidades múltiples que nos configuran, por propostas outras, diferentes, que respecten o corpo, este corpo que, no dicir de Hélène Cixous, é o que nos fai sentir a vida, a morte, amar, pensar.

Nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 celebráronse tres dos seminarios. No inaugural, que transcorreu o 12 de novembro de 2018, adentrámonos nos intersticios do relato que sobre nós elaboran os Medios de Comunicación da man da profesora Ana Jorge Alonso e a súa lectura lúcida e materialista do Poder, secomasí o repaso das posicións en torno á Análise Crítica do Discurso. E con «Género e jornalismo. Representações e (in)visibilidades» aprendemos coa profesora Carla Cerqueira, investigadora do CICANT - Centro de Investigação em Comunicação Aplicada, Cultura e Novas



Primeira edición do CO(M)XÉNERO. Seminario Permanente de Comunicación e Xénero

Tecnologias da Universidade Lusófona do Porto, unha serie de propostas para un tratamento informativo libre de tópicos sexistas, porque a pesar de estarmos perante unha profesión feminizada, tal e como lembrou da man de Karen Ross, «a cultura jornalística mascara-se como neutra e o *ethos* jornalístico, para todos os efeitos práticos (e ideológicos), organiza-se em torno do homem com norma e da mulher como intrusa...». O seminario concluíu coa proxección do filme de Xiana do Teixeiro *Tódalas mulleres que coñezo* (2018) e contou coa colaboración da Xunta de Galicia, a Oficina de Igualdade de Xénero da USC, o programa «Territorio das Mulleres», a asociación Xornalistas Galegas e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Baixo o título *Muller nas Estremas*, o segundo encontro, en marzo de 2019, explorou as fronteiras físicas, imaxinarias e culturais vencelladas ao xénero dende o cinema como medio para encaralas. Contamos daquela coa presenza de dúas investigadoras especializadas no tratamento da muller nos universos da cinematografía. Así,

Elena Oroz, da Universidad Carlos III de Madrid, achegounos o traballo de Ursula Biemann, cineasta *cross border* que observa e filma entre fronteiras —de Ciudad Juárez a Melilla—, que non asume o feminismo con categorías universais senón locais, que analiza o movemento global e transnacional de masas humanas, neste caso mulleres, e que vimos en *Performing the Border* (1999). Pola súa banda, a profesora Ana Catarina Pereira, da Universidade da Beira Interior, falounos da construción de identidades a través do cinema con «Uma câmara só para ela» e a profesora da USC Marta Pérez Pereiro levounos cara aos inicios, consolidación e novos camiños da teoría e crítica feministas.

Nesa segunda edición, comezamos asemade a nosa colaboración coa devandita Mostra Internacional de Cinema Etnográfico a través da sección IMPROPIAS, cunha Carta Branca programada do 26 ao 28 de marzo de 2019 en diferentes espazos de Santiago de Compostela, onde se cruzaron o cinema experimental, o ensaístico e o observacional. A proxección en NUMAX de *Surname Viet given name Nam* (1989) de Trinh T. Min-ha, un filme-documento no que a súa autora (música, *performer*, poeta, académica) explora o exilio e pasa duns corpos a outros —do das mulleres que pasaron pola experiencia ao das actrices que din as súas palabras— mentres esixe de nós, espectadoras, unha actitude activa e creativa, completouse con outros filmes de viaxe: *Tout le monde aime le bord de la mer* (2016) de Kenia Espiñeira; *Hyohakusha* (2017) de Xisela Franco e Anxa Caramés e mais *Europlex* (2003) de Ursula Biemann.

A participación no seminario foi recoñecida por primeira vez como actividade formativa para o estudantado do Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporáneas.

E na terceira edición do CO(M)XÉNERO, en novembro de 2019, so o enunciado *Cibersexismo. Violencia e Videoxogos*, o foco estivo nas desigualdades e estereotipos existentes na construción de narrativas e gamificacións, no desenvolvemento profesional das mulleres como xogadoras, comentaristas, formadoras, creadoras e programadoras. Para alén da análise dos escenarios de violencia recorrentes neste contexto, coa fin de procurar ferramentas comunicacionais e educativas coas que comezar a mudar as prácticas e actitudes nos universos do xogo, desenvolvéronse varios obradoiros prácticos



Presentación da segunda edición do CO(M)XÉNERO. Muller nas extremas







CO(M)XÉNERO 2. Proxeccións de filmes na sección IMPROPIAS da MICE

dirixidos por Beatriz Legerén Lago e Olaia Ferrando, da Universidade de Vigo, e Luz Castro Pena, da Universidade da Coruña.

O programa abría as portas coas conferencias de Nieves R. Brisaboa e Dhaunae De Vir. Foi para nós unha actividade moi, moi necesaria escoitar a Nieves, que dende a Academia alerta de que a Informática é tamén para as mulleres, que é un lugar de colaboración e de fornecer alternativas, igual que foi incomparábel experimentar a comunidade de afectos que acorda sempre Dhaunae, a pequena que medrou e foi á escola na montaña luguesa e que dende aquela é galega de lingua, de imaxinario, de actitude e que se movimenta entre aquén e alén, entre pantasmas, non mortos, utopía, transmedia e sempre, sempre, feminismo como marca.

Nesta terceira edición —co-financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), e coa colaboración da Xunta de Galicia e a Oficina de Igualdade de Xénero da USC— celebrouse tamén a primeira partida de *esports* en lingua galega. Para achegármonos á experiencia das mulleres nos deportes electrónicos cunha perspectiva lúdica, crítica e didáctica, organizamos un pequeno torneo de exhibición de Overwatch no que mediron forzas As Meigas, un equipo de xogadoras galegas composto por Sarai Pena López, Sandra González Rodríguez, Carolina Hernández Patiño, Maria Eijo López, Estela Bea Muñiz e Cristina Janza Barreira, formado especialmente para a ocasión, e as Pink Frogs, equipo mixto competitivo español. O evento realizouse no Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación con público en directo e retransmitiuse tamén en Internet. Os comentaristas do torneo foron Minia «Samku» Monteagudo e Javier Martínez Vidal («Gamer Vidal»), profesionais que transmitiron, en lingua galega, a emoción do xogo a todas as asistentes.

Retomamos, nesta nova edición 2020, no fío *Contra a desmemoria*, a cuarta sesión do CO(M)XÉNERO, para reflectir sobre a autoría feminina, sobre a necesidade de facérmonos co modo de narrarnos e a importancia da diversidade de ollares na construción de representacións e de discursos interculturais.

Dende a equipa de coordinación do Seminario que forman Marta Pérez Pereiro e Silvia Roca Baamonde, coa colaboración especial de



CO(M)XÉNERO 3. Debate sobre acoso e sexismo nos videoxogos



CO(M)XÉNERO 3. Primeira partida de *esports* retransmitida en lingua galega.

Claudia Neira e, singularmente, con todas vós, as persoas que vos afastades dos modos e maneiras que dita o Patriarcado e desenvolvedes unha mirada igualitaria, creativa e independente, seguimos a apostar polo presente en feminino e porque o futuro non devale cara a máscara macarra. Con aquela aperta.

Margarita Ledo Andión
Setembro, 2020